



# PLAN DIXITAL

## IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

Pax 1 de 12



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O IES Ramón Otero Pedrayo está situado na Av Monelos 10A en A Coruña e imparte as ensinanzas da secundaria obrigatoria (de 1º a 4º ESO) cun total de 15 unidades. O correo de contacto do centro é [ies.otero.pedrayo.coruna@edu.xunta.gal](mailto:ies.otero.pedrayo.coruna@edu.xunta.gal) e a súa páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesoteropedrayocoruna/>

O alumnado matriculado no centro para o curso 21-22 ascende a 375 persoas. O claustro de profesorado está integrado por 38 persoas, a maior parte profesorado de secundaria. No departamento de Orientación hai unha orientadora e dúas profesoras de PT. Contamos tamén cunha profesora de relixión e unha docente do programa ARCO, ámbalas dúas a tempo parcial.

Actualmente estamos a seguir un proxecto de formación de profesorado na liña de traballo do Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A contorna socioeconómica pódese considerar media-baixa. A maioría dos pais dos alumnos desenvolven diversas profesións encadradas no sector de servizos (mecánicos, carpinteiros, albaneis,...) pero tamén é significativa a porcentaxe dos que teñen outras ocupacións (administrativos, funcionarios, mariños mercantes,...) e tamén pequenos industriais. A maioría das nais ocúpanse da propia familia pero unha porcentaxe importante das mesmas traballan fóra do domicilio (persoal de limpeza, comercio, hostelería, enfermería, funcionariado, administrativas,...). Non deben pasar desapercibidas tampouco as pequenas empresas familiares. Así, pois, é bastante significativo o número de familias nas que traballan os dous cónxuxes.

Por outra banda, non debemos deixar de mencionar aqueles alumnos que pertencen a familias con problemas de paro laboral continuado e circunstancias negativas de carácter estrutural. Ó ser o noso un barrio ó través do que a cidade experimenta unha certa expansión fai que algúns dos nosos alumnos proveñan de familias inmigrantes, fundamentalmente hispanoamericanas, e outros de etnias minoritarias que viven en zonas limítrofes coa propia cidade e que están dentro da nosa zona de influencia escolar.

O Plan Dixital do centro contribúe a detectar as deficiencias actuais en competencia dixital na comunidade educativa e elaborar propostas que complementen ao Plan TIC de cara a paliarlas para o vindeiro curso: implementar a alfabetización dixital, axudar a elaborar, localizar e difundir material multimedia en internet, estimular ao profesorado no uso das novas tecnoloxías coma ferramenta de traballo e dinamizar o espazo web do centro, contribuír a crear espazos de traballo colaborativos. Asemade, durante este curso adquiríronse novas competencias dixitais do

profesorado cun plan PFPP sobre Enriquecemento da Aula Virtual e a incorporación de novas tecnoloxías nos Plans Proxecta: Proxecto de vida activa e deportiva e o Museo do Otero.

Para o curso 22-23 o Plan Dixital de Centro contempla o uso responsable das novas tecnoloxías por parte do alumnado no Plan de Acción Titorial, implicando aos titores e a orientadora; tamén ten como obxectivo realizar traballos colaborativos do alumnado en cada unha das materias, traballos incluídos nas programacións didácticas das materias cunha porcentaxe de calificación sobre a nota trimestral.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

En previsión da elaboración do Plan Dixital de Centro solicitouse a creación dun Grupo de Traballo específico, no marco do PFPP, formado por 8 docentes de diversas materias.

## 2. Situación de partida

### 2.1. 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Todas as aulas do centro contan con tecnoloxía dixital cableada (canón proxector, ordenador con conexión a internet e taboleiro dixital). Os sistemas operativos son Windows 7, Linux e algún Windows 10. O edificio principal ten a opción de conectarse á rede xunta.es sen fíos, pola contra, no edificio anexo non existe esta posibilidade.

Contamos tamén con 2 salas de informática cun total de 38 equipos informáticos e 3 tablets a disposición do profesorado.

Cómpre sinalar que a maioría destes equipos teñen máis de 10 anos e atópanse desfasados a nivel de rendemento e actualización das distintas aplicacións. Existe tamén algún material defectuoso: teclas que non funcionan, conexións cheas de adaptadores, etc. Os problemas que xorden nestes equipos son revisados semanalmente, o cal resulta insuficiente para arranxar todas as incidencias, por un técnico dunha empresa externa.

Os servizos dixitais do centro son os servizos corporativos proporcionados pola Consellería: a páxina web, o espazoAbalar, Abalarmóbil e a Aula Virtual.

Enlace ao Plan Tic do centro, onde existen unhas recomendacións sobre o uso do equipamento informático (páxinas 16-18): [Premer aquí](#)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### INFORME "SELFIE"

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,9			
	Profesorado		3,5			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,5			
	Profesorado		2,7			
	Alumnado		2,7			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2,8			
	Profesorado		3,3			
	Alumnado		3,1			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,6			
	Profesorado		3,5			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,3			
	Profesorado		3,8			
	Alumnado		3,7			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,5			
	Profesorado		2,9			
	Alumnado		2,9			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,1			
	Profesorado		2,6			
	Alumnado		2,6			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		2,4			
	Profesorado		2,8			
	Alumnado		2,9			

### TEST CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	21	57,1%
PROVISIONAL	11	11	100%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia

79,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)
------	-------------------	------	-------------------

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	79,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	8	28,6%
B1	11	39,3%
B2	9	32,1%
C1		
C2		
<b>TOTAL</b>	<b>28</b>	<b>100%</b>

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		"C1 - Non hai espazos suficientes para o ensino/aprendizaxe C3 - Non hai unha conexión estable e fiable en todo o centro C5 - Non hai asistencia técnica suficiente C8 - Non hai dispositivos dixitais suficientes para a aprendizaxe"
	PERSOAL DOCENTE	"D2 - Ofértanse cursos, grupos de traballo e DPC para o profesorado E1 - O profesorado busca recursos dixitais E3? - O profesorado emprega entornos dixitais E4 - O profesorado emprega tec. Dix para a comunicación relat. Ao centro"	"Hai unha alta porcentaxe de profesorado que non se sente cómodo no uso das novas tecnoloxías Segundo o test CDD o profesorado non realiza unha práctica reflexiva, profesional e colectiva en canto as vantaxes e desvantaxes do uso das tecnoloxías dixitais. F5 - O profesorado non emprega tec.dix para a colaboración do alumnado F6 - O profesorado non fomenta o uso das tec. No alumnado en proxectos interdisciplinares"
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		"C8 - Non hai dispositivos dixitais suficientes para a aprendizaxe H5 - O alumnado non verifica se a info en internet e fiable e precisa H6 - O alumnado non da crédito ao traballo doutras persoas atopado en internet"
	FAMILIAS		
	OFERTA	"A3 - O eq.directivo apoia ao profesorado para aplicar novas tec.dixitais"	

	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	"C5 – Non hai asistencia técnica suficiente.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		"C1 - Non hai espazos suficientes e axeitados para o ensino/aprendizaxe dixital C3 – Non hai unha conexión estable e fiable en todo o centro C5 – Non hai asistencia técnica suficiente O profesorado non dispón de tempo asignado no horario para a creación de contidos, reflexión e xestión de recursos dixitais As altas ratios e a diversidade do alumnado impiden unha atención individualizada para desenvolver a competencia dixital do alumnado"
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		"O estrato socio-económico da meirande parte do alumnado é medio-baixo e non dispoñen de recursos dixitais suficientes"
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		"B3 - No noso centro non se nos facilita a posibilidade de empregar tec.dixitais para colaborar con outras organizacións C1 - Non hai espazos suficientes para o ensino/aprendizaxe"

### 3. Plan de Acción

Despois de analizar a enquisa SELFIE e o informe DAFO, establecemos uns obxectivos que tratan de paliar as necesidades dixitais do centro: O fomento do emprego das ferramentas corporativas dixitais, o fomento de traballos colaborativos dixitais entre o alumnado e a procura de información fiable e precisa en internet pola súa parte.

O punto 3.1 Obxectivos, indicadores e accións aparecen recollidos nas seguintes táboas:



### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área/s de mellora: LIDERADO/DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Fomentar o uso de ferramentas dixitais corporativas na práctica docente.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo (+ Equipo TIC)				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	75% do profesorado utiliza habitualmente Abalar e as Aulas Virtuais					
<b>Valor de partida:</b>	X% fai uso habitual das ferramentas dixitais					
<b>Valor previsto e data:</b>	75% fai uso habitual e efectivo de ferramentas dixitais corporativas (Abalar/correo) e da aula virtual			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Grupo de traballo de aprendizaxe colaborativo entre o profesorado	Coordinador/a do Plan Dixital	Fin 1º Aval	Espazo de reunión e acceso a equipos informáticos, internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización de contidos dixitais para as materias do profesorado por parte do grupo de traballo	Coordinador/a do Plan Dixital	Fin 2º Aval	Acceso a equipos informáticos, internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Enquisa final	Coordinador/a do Plan Dixital	Fin 3º Aval	Acceso a equipos informáticos, internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área/s de mellora: PEDAGOXÍA / APOIOS E RECURSOS

<b>OBXECTIVO 2:</b>	Fomentar traballos colaborativos do alumnado a través de ferramentas dixitais corporativas e de software libre	<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	EQUIPO TIC/TITORÍAS	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	N.º de proxectos colaborativos realizados		
<b>Valor de partida:</b>	0 proxectos colaborativos		
<b>Valor previsto e data:</b>	1 proxecto colaborativo por materia e nivel	XUÑO 2023	

### ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Creación de stock de recursos dixitais colaborativos para empregar co alumnado (Ex: Foros, Wikis, documentos en liña...) AO1.2:	EQUIPO TIC/TITORÍAS	Finais de outubro	Acceso a equipos informáticos, internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Incluir nas PDs unha porcentaxe da calificación asociado a traballo colaborativo dixital	Xefes/as de dpto	Finais de outubro	Acceso a equipos informáticos, internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.3: Avaliación final/memoria dos resultados	Xefes/as de dpto	Finais de curso	Acceso a equipos informáticos, internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
<b>OBXECTIVO 3</b>	Procura de información fiable e precisa en internet por parte do alumnado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	O titor/a de cada grupo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	% do alumnado que fai un uso fiable e preciso da información atopada en internet					
<b>Valor de partida:</b>	25% do alumnado fai un uso fiable e preciso da información atopada en internet					
<b>Valor previsto e data:</b>	50% do alumnado fai un uso fiable e preciso da información			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Incorporación de 2 sesións no PAT adicadas ao uso fiable e preciso da información en internet	Dpto de Orientación	Finais de outubro	Equipos informáticos da aula, internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Recopilación o creación de recursos para a formación do alumando por parte dos/das titores/as	EQUIPO TIC	Finais de outubro	Equipos informáticos da aula, internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Enquisa final ao alumnado	Dpto de Orientación	Final da 3º Aval	Dispositivos de acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
<b>Infraestrutura</b>			
<b>Equipamento</b>	38 ordenadores de sobremesa	Temos 38 ordenadores obsoletos de 2007	Para poder implementar as propostas descritas anteriormente e dotar ao centro dun servizo informático de calidade
<b>Servizos dixitais</b>	Conexión a internet estable, fiable, axeitada e con suficiente ancho de banda para o día a día na aula	Actualmente non hai conexión wifi no edificio anexo e a conexión é inestable e feble.	Dispoñer dunha conexión áxil e axeitada para traballar correctamente no día a día na aula

### 4. Avaliación do PD

O plan debe contemplar indicadores de logro para realizar anualmente unha avaliación do progreso do PD do centro. Serán indicadores significativos do grao de consecución dos obxectivos para poder facer os axustes e melloras que sexan precisos. O PD avaliarase en función dos resultados obtidos, no marco dos obxectivos e prazos previstos e das condicións de aplicación como se indica nas táboas anteriores do punto 3.1 sobre o Plan de Acción.

### 5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital será a través da web do centro, tras a súa aprobación polo consello escolar.